

## DA INFRAESTRUCTURA PSICOLOXICA DO AMOR

Anxo González Fernández

**E**xiste a xeralizada apreciación de que o amor sobrevén, fai presa Desde arriba ou desde fóra o amor advén á persoa, que fica copada por el e nel prisioneira..., perdida para o dominio e a libre disposición de si.

A hipostatización do amor é unha constante nas máis diversas culturas. Pénsase que o amor existe de seu: ten existencia e ten esencia el en por si, e mesmo actúa en función de leis propias, con independencia da configuración das personalidades individuais en quen opera.

¿E realmente así?. Non de todo. Para que o amor sobreveña, para que aniñe e fructifique, cómpre adecuada infraestrutura psicolóxica. Respecto do amor non se é pasivo, nin sequera predominantemente receptivo. Ese activo. E actuar só se actúa desde uns determinados prerrequisitos psicolóxicos. Non se ama por capricho do destino, nin por mandado de deus ningún. Tampouco ama quen quere. Ama quen pode e ninguén máis ca quen pode... ¿Quen?. Quen posúa a imprescindible infraestrutura psicolóxica.

### Os universais do sentimento:

E mui antiga na historia da Filosofía a apreciación de que existen os universais ontolóxicos: estruturas e mesmo elementos de realidade que se dan por cima dos rasgos da individualidade e aínda por cima do propio individuo concreto. E vella tamén a constatación de que se dan os universais do pensamento: as entidades lóxicas. Por outra parte, e xa recentemente, o estruturalismo pon énfase en destaca-los universais da linguaxe, reais eles con independencia de falas e de linguas e, por suposto, dos falantes singulares e concretos.

¿Cabe sinalar tamén que existen os universais do sentimento...?. Polo de pronto, o mundo do sentimento non discorre por canles exclusiva e irreductiblemente individuais. As estruturas e os modos da afectividade revisten caracteres que os fan supraindividuais, por dárense nuns suxeitos e noutros en estricta identidade de senso. Sería, pois, unha supraindividualidade obtida pola vía da trascendentalidade: o nivel da absoluta coincidencia intersubxectiva. Exa se sabe que a absoluta intersubxectividade é plena obxectividade. Só unha obxectividade deste rango pode explica-lo proceso de hipostatización do amor, a que antes se fixo referencia.

Agora ben, os universais, por máis ser de seu que poidan ter, e teñen, non existen senón nos singulares en quen se realizan. Os universais necesitan dos singulares para existir, do xeito en que estes necesitan daqueles para consistir, xerándose así o nivel de interacción que os fai física e metafísicamente inseparables.

O amor existe no amante e só a través do amante pode cobrar existencia... O amante é suxeito exercitante do amor, e nel asume o amor corpo de realidade concreta. Pola súa banda, o amor, que recibe do amante existencia, pon nel consistencia: polo amor entra o amante na dialéctica “pobreza-riqueza”, “finitude-infinitude”..., toda unha decisiva forma de consistir. Mais, para que o amor irrompa no amante e este se constituía en ser exercitante de amor, hanse dar uns ineludibles condicionantes: infraestrutura psicolóxica recipiente e impulsora. En definitiva, estrutura psicolóxica posibilitante.

#### **Alén da limitativa facticidade...**

Cando Diótima de Mantinea expón para o interlocutor do banquete platónico a natureza do amor, suliña con especial énfase o seu carácter intermedio. Intermedio, segundo logo veremos, en moitos sentidos, pero, polo de pronto, intermedio entre o divino e o humano, entre o inmortal e o mortal (1).

Négaselle carácter divino: “¿Cómo pode ser un deus quen non ten parte da beleza e da bondade á que, polo mesmo aspira?”. Hai no amor unha conatural indixencia, que rexeita o intento mesmo da súa atribución á divinidad, toda ela perfección e plenitude.

E, se non divino, ¿será, logo, de natureza puramente humana o amor?. Tampouco é nada que conveña simplemente ó home en canto tal e máis nada. ¿Qué, entón? ¡É intermedio!. Intermedio e intermediente entre o divino e o humano. Platón, que tanto quixo afastar entre si o divino e o humano, a perfección e a imperfección, vese, logo, na obriga de ter que estar remendando continuamente a situación, tirando da manga realidades intermedias. Unha delas é o amor.

O feito é amplamente suxerente para o noso caso. O amor, anclado entre o divino e o humano, dase, non obstante, nos homes que non, como denantes

viamos, nos deuses. Iso quere decir que hai homes, os amantes, que están a sobrepasaránse a si, a trascendérense. Tal é o que o amor implica: un querer ir, un estar de cotío indo até máis alá de si. O amor responde ó devezo ansioso do home que, fincando pé na súa realidade de asento, tenta de sobrepasala... E a posición de quen pretende medrar e medrar..., por cima da súa limitativa facticidade.

Eis, xa que logo, a primeira grande consecuencia: o amor asenta na insatisfacción. Elle concomitante e determinante a inqueda procura da realidade en que o amante se trascende. Algo, pois, lonxano e alleo a quen se acocha na suficiencia e na fartura.

#### **A filiación de eros:**

A natureza do amor responde fielmente á súa filiación. O amor é fillo da pobreza e da riqueza: unha vez máis, o seu carácter intermedio...

O relato platónico non ten desperdicio: “Cando naceu Afrodita, os deuses celebraron un banquete, e estaba entre eles o fillo de Metis (a Prudencia), Poro (a Riqueza). Cando terminaron de xantar, presentóuselles alí a pedir, como era costumbre ó celebrarse unha festa, Penía (a Pobreza), quen ficou na porta, ó axexo. De alí a un pouco, Poro, que estaba bébedo do néctar —aínda non existía o viño—, entrou na horta de Zeus e, no torpor da borracheira, botouse a durmir. Penía, entón, matinando, movida pola súa escasez de recursos, que Poro lle fixera un fillo, deitouse á beira del e concebú o amor” (2).

Entre o divino e o humano, entre o inmortal e o mortal, o amor aparece agora entre a riqueza e a pobreza. A súa radical indefinición non pode quedar máis suliñada. O amor non é situación delimitada, nada psíquicamente monocor, non é cousa ningunha que queipa encuadrar nas estáticas canles de clasificación.

A realidade mixta, a conformación dual e bifronte do amor, que mira á pobreza e mira tamén á riqueza, tradúcese, na orde subxectiva, en inestabilidade, gravitación e deslizamento... E así sucede, xa que logo, que o amor é tensión, é dramatismo, é fieri, realidade movediza, sempre tornadiza, en constante ir e vir do optimismo á desesperanza, un perenne ficar aquí e ficar alí, sin aquedar xamais en situación afectiva duradeira, como non sexa, precisamente, o desasosego e a mobilidade mesma.

O amor non é, pois, cousa que poida prender en quen gusta de concebi-la vida en términos de previsión, cálculo, orde, seguridade, coherencia.. ¿sensez?.

#### **A subxectividade, ¡pobreza!**

O amor é fillo da pobreza. El é en si mesmo pobreza: menesterosidad, insuficiencia e, por iso mesmo, insatisfacción e

desacougo íntimo... Xusto o contrario da posición daquel a quen a propia suficiencia pecha e acerrolla dentro de si. “O amor é sempre pobre e fica lonxe de ser delicado e belo como o vulgo o supón; polo contrario, é rude e é fraco, vai por aí descalzo e sen teito, dorme no chan, deitándose ó sereo en portais e camiños, xa que, ó te-lo natural da súa nai, é sempre inafastable compañeiro da pobreza” (3).

Así é o amor e quen outra cousa pense del trabúcase. O propio Platón sinala que é frecuente causa de engano toma-lo amor con exclusiva referencia ó amado e non con respecto fundamental ó amante (4). O amado é a riqueza, cando menos para os ollos cobizosos do amante. Pero este, este en si, é pobreza que inqueda e incomoda e, xa que logo, fai que o suxeito saia de si.

Cando Freud sinala as características do estadio animista da humanidade, que se corresponde no plano da ontoxénese co narcisismo primitivo, hai algo que considera fundamental: a crenza decidida e a gratuita confianza do primitivo na súa propia omnipotencia... Eis así o que o fai suficiente: até tal punto cheo de si e do propio que non hai sequera asomo ó plano da trascendencia (5). ¿Pode haber maior nivel de oposición ó amor que o implicado nesta narcisista, infantil e enganosa suficiencia?

O amor ou xorde da pobreza e da conciencia da pobreza, ou non o fai de xeito ningún. A autosuficiencia e o amor son incompatibles. Tan incompatibles como o “ser-en-si” e, ó tempo, “para-si” de quen Sartre falaba: un contrasentido, un absurdo: tendo de seu canto se poida precisar, por máis que sexa, ¿verse, non obstante, na obriga de ter que saír de si a procurar de alleo?

Sartre deixa mui claro que é a roente mordedela da fame —fame ontolóxica: a nada “constituínte”— a que leva a un cara ó outro: aboca ó transcendemento. Outra cousa será se ese trascendemento conduce ou non ó logro da finalidade que o suscita. Máis, polo de pronto, algo queda claro: é o valeiro e máis nada ca que el o que pon ó suxeito fóra de si, na perspectiva do amor...

#### A subxectividade, ¡procura!

A conciencia da pobreza —pobreza xa implicada no feito mesmo de ser conciencia, dito sexa de paso (7)— conduce, salvo situacións ou casos anómalos, á cobiza, ó desexo, á procura ansiosa.

As leis que rexen o dinamismo psíquico non son diferentes das que determinan a actividade biolóxica: as situacións de menesterosidade urxen a que o ser se transcenda. E as formas do transcendemento, sexan elas cales sexan, nunca obedecen a impulsos ateolóxicos ou, menos aínda, luxosos. Responden a fins. Fins que se acoplan a necesidades concretas. Nunca se sae de si que non sexa para procurar satisfacción a necesidades, e o feito mesmo de saír é prolongación da propia estrutura do necesitar, alén xa dos persoais lindeiros.

Platón pon en boca de Diótima: “Polo menos, no que o amor se refire,

tes xa recoñecido que a súa mesma indixencia do bon e do belo é a que lle fai cobizar aquilo de que está el fallo (8). Hai unha liña de continuidade, que se non rompe se non é por anomalía, entre a indixencia e o desexo, así como entre este e a procura.

¿Que, se non a nosa “constituínte” nada, pode premer en nós e impulsarnos cara a conquista e apropiación do outro?. O home é paixón, ¡unha nada apaixonada! (9), útil ou inútil, iso é discutible, pero, indefectiblemente, paixón. ¿E de que ou por que esa paixón?. Inevitablemente por conquistar o que non se é: paixón por ser, por enche-lo oco: eis aí o apaixonante labor.

O oco pódese encher pola vía da apropiación de cousas, pero non resulta: as cousas, “ser-en-si”, coa súa masa inalterable e maciza pon rixidez e opacidade na persoa, matando a liberdade e a receptividade coñecente, e iso sería, nin máis nin menos, mata-la propia persoa. Logo así, non son as cousas: é a persoa a única que ten capacidade para encher á propia persoa. Pero a persoa en canto tal, como liberdade, e de xeito ningún como degradación, cousificación ou obxecto. É a ansiosa procura da persoa: ¡o amor! (10).

Tamén o viu Freud: tra-lo narcisismo, coas súas onnipotencias e as súas autosuficiencias, a obxectividade: o suxeito faise transitivo. O trascendemento vai ligado a conciencia de menesterosidade. O camiño do amor, infantilismos superados, é tamén camiño cara a madurez (11).

#### **A subxectiva obxectividade: ¡a riqueza;**

A fame tira de un para fóra: un fóra intencionalmente asumido xa como fartura e obxectivamente configurado como riqueza. ¿Riqueza de seu, ou riqueza para nós tan só? ¡Riqueza! ¡Riqueza e máis nada! ¿Hai, en realidade, riquezas de seu? ¿Hai obxectividade que o poidan ser, sen o seren para un determinado suxeito?. Desde logo, nunca tanto como no caso da riqueza, riqueza a que o amor se orienta, cómpre falar de obxectividade subxectivas, relativas ó suxeito, que se sente arrebatado por elas.

“Segundo a natureza do pai, (o amor) axexa nos belos e nos bons, é valente, destemido e diligente, cazador temible, sempre anda a matinar en trampas, é apaixonado pola sabiduría e úbedo en recursos, filósofo ó longo de toda a súa vida, e é faladeiro, embelesador e sofista” (12). O amor, riqueza, é nos presentado como comportando todo aquilo de que, en canto que pobreza, resulta carecente.

A atribución de carácter bipolar ó amor é unha das dimensións máis profundas da concepción platónica, mui por cima do que poidera suxerir, a primeira vista, a descrición que del se nos fai. O amor é a pobreza e a riqueza, o déficit e a suficiencia: o amor implica ter por un lado todo canto, polo outro, se bota en falla. Deste xeito, os dous polos do amor pechan sobre si, acoplados como están, un ás necesidades do outro, configurando un mundo: realidade aparte e autónoma...

Así como a pobreza está referida ó amante, en quen proe despiedosa a

fame, a riqueza asoma da man do amado...". O amado é canto semella ser bello, delicado, perfecto e digno de ser tido por feliz e envidiable. En cambio o amante ten unha natureza mui diferente" (13). Amante e amado pechan sobre si, un no outro, e configuran, no amor, un circo de realidade, un mundo aparte e, desde logo, feliz: nunca en ningures houbo, como no amor, unha fatura tan á medida dunha fame, e nunca unha fame se superou así en fartura. ¿Non será isto a felicidade?.

#### **Entre o si e o non: versatilidade**

A fame que fai desesperadamente desexable unha fartura e a fartura que satisface tan cumpridamente unha fame xeran a felicidade: o estado de satisfacción. Unha satisfacción obtida pola vía do acoplamento do necesitante no necesitado...

A tradución a términos propiamente psicolóxicos deste acoplamento é, por un lado, a aspiración e, polo outro, a entrega, como actitudes ou situacións psíquicas reversibles, segundo que se parta dun ou doutro dos polos implicados na relación.

Pero a aspiración é situación que só se pode manter sobre a base da non-posesión: aspirase ó que non se ten e só na medida en que non se ten, e do que non se ten, se pode aspirar. Estamos ante unha pobreza activa, pobreza que devén paixón, como Sartre sinalaba, pero que é, ó fallo, pobreza. Por outra banda, pobreza que non da terminado coa aspiración, entrega que permite que a aspiración se manteña e coexiste con ela, non se pode chamar entrega, ou só mui impropiamente chega a ser entrega.

E velaquí o que sucede: unha aspiración que non cesa e unha entrega que xamais pode chegar a ser plenamente tal, non dan lugar a situacións de posesión. ¿Que, entón?. No terreo do amor, a posesión fáctica, a seguridade no dominio, cede lugar á fe, á confianza, ás esperanzadas actitudes...

Pero as fes, as confianzas, e mesmo as esperanzas son de seu oscilantes, movedizas, cando non aínda pendulares. E isto explica a versatilidade típica, a variabilidade e as alternancias na coración moral das actitudes dos amantes: ós cimos da euforia suceden os baixos da depresión, e a estes aqueles, nunha sucesión e nunha alternancia tan teimosas como aparentemente caprichosas: tan fóra da lóxica, da previsión e do cálculo, que os propios amantes son os primeiros en se sorprenden e en entregarse incansables a desacougados ó perenne exercicio da interrogación que inquire polo actitude de entrega ou non entrega do outro.

Tamén Platón o víu acertadamente: "Pola súa natureza non é o amor mortal nin inmortal, senon que, nun mesmo día, por momentos florece e vive, se ten abundancia de recursos, por momentos morre, e de novo volve revivir segundo a natureza do seu pai" (14).

## **O sempre sempre e mailo nunca nunca do amor**

O amor configúrase, pois, como una aspirar. Pero un aspirar inconcluso. Inconcluso no preciso senso de condenado a non se dar nunca transcendido na posesión fáctica da realidade á que se aspira. ¿Non será, así, un desesperante aspirar, unha aborreciente procura do inatinxible?.

Polo de pronto, ha de quedar mui claro que o amor é a aspiración, que non a conquista, non a toma de posesión, algo isto que ficaría enormemente máis perto do dominio reductor e cousificante que dun amor que tal se diga.

A continuación, habería que engadir que a vida é aspiración, toda ela é aspiración moito máis que logro, e a aspiración resulta existencialmente moito máis reconfortante que a posesión e desfrute fáctico do logrado: hai vida mentres que haxa aspiracións..., e a morte psíquica sobrevén imparabile cando, por máis que se posúa, deixa da haber a que aspirar.

Eis aquí, logo, o que fai do amor algo que pode ser sentido durante unha vida enteira: é un inesgotable aspirar... Aspirar como desexar..., aspirar como tender..., aspirar como procurar..., aspirar como actuar, facer...: ¡vivir!.

Vese ben, desde esta perspectiva, o carácter intermedio do amor, a que Platón se refire: intermedio-promediante-entre o divino e o humano, entre a menesterosidade e a plenitude, entre o mortal e o inmortal... Promediar no obvio sentido de estar entre. Pero o estar, referido á vida, non comporta estaticidade. Polo contrario, implica dinamismo: promediar é aquí “ir desde...cara”, marchar, avanzar.

O home é iso. Nietzsche falou del así: “O home é unha corda tendida entre o animal e o superhome... A grandeza do home está en ser unha ponte, medio e non fin; o que hai nel digno de ser amado é o ser tránsito e crepúsculo... os homes son frechas do desexo dirixidas cara a outra beira...” (15).

¿Que máis ten non chegar? ¡O caso é manter viva e pulante a aspiración!. De chegados, a aspiración, cumprida, morrería... ¡E alá iría, con ela, o home!. O home é aspiración, ponte, tránsito, avance... e máis nada: ¡Igual que o amor!.

## **A dramática realidade do imposible amor**

Unha vez chegados até aquí, resulta unha evidencia constatar que o amor, todo amor, é amor platónico. O amor platónico na acepción usual do término, quere decir amor imposible: dexexo, aspiración que non pode rematar nunca na conquista e posesión. O amor vívese, mantense e aínda se aviva co mesmo dramatismo que conleva a conciencia clara da súa imposibilidade como logro.

O compoñente pobreza e o compoñente riqueza son, ámbolos dous, ineludibles compoñentes: non pode faltar ningún deles. Desde o momento en que, pola vía da consecución e do logro, a pobreza se superase a si en riqueza,

a aspiración na posesión, o amor como tal esvairíase: sería xa outra cousa, que non amor.

O carácter de fracaso, inherente o amor, a todo amor, foi maxistralmente suliñado por Sartre: “As dúas posturas orixinais que podo adoptar fronte do outro son: ou supera-la transcendencia do outro ou, onde non, absorver esa transcendencia, sen lle quitar ó outro o seu carácter de transcendente” (16). Esta segunda sería a vía do amor: non o posesionamento obxectualizante —cousificante— do outro, senon a tendencia cara o outro como liberdade e transcendencia, sen que esta liberdade e esta transcendencia, se desbaraten. En efecto, só a persoa en canto tal —transcendencia e liberdade— pode, en principio enche-lo oco que nos “constitúe”.

Agora ben, esta tendencia ó outro, como transcendencia e liberdade, a respetuosa e non cousificante tendencia na que o amor consiste, é imposible. Non hai amor sen propósito e pretensión de perennidade. Mais, ó proxectaren os amantes unha duración eterna para o seu amor, xa se estarían roubando, un ó outro, a verdadeira liberdade: quérese e deséxase ó outro como realidade perennemente vinculada a un, como obxecto de posesión, como pertenza, como cousa... preténdese facer del un “en si-para si”, un obxecto-liberdade, algo de seu imposible, por absurdo e sensentido. Tamén desde a perspectiva do amor, para Sartre o home é “paixón inútil”.

Aspiración ó divino que se da no insuperablemente humano, procura de inmortalidade no necesariamente mortal, ansia de riqueza no insuperablemente pobre, o amor asenta sobre a imposibilidade e a conciencia clara desa imposibilidade. ¡Como non vai ser un drama!

### ¡Loucura de amor!

¿Drama? ¿Só un drama, o amor? ¡O amor é unha loucura!. Manter unha aspiración, acariñala día tras día, subordinalo todo a ela, de xeito que a vida enteira se estructure en función dela, sabendo como se sabe da súa irrealizable condición, de súa radical imposibilidade, é algo que, evidentemente, nada ten que ver coa cordura e a siseza.

Platón, que sempre se mostra fiel á apreciación de que o amor é algo moi próximo ás divinidades, fai tamén referencia ó seu carácter de loucura: pode ser que, se cadra, o que nos deuses é unha irrebatable posesión fáctica, teña que ser nos homes iso só: unha aspiración. Aspiración e máis nada. Pero o grande das aspiracións é que anticipan intencionalmente a realidade á que se aspira. Xeran, pois, unha sorte de posesión dese máis alá acariñado, unha anticipación posesoria daquelo que enche e satisface: a felicidade.

¿E onde está a loucura? ¿Onde a feliz loucura?. En dar por conquerido o simplemente alviscado, en dar por posuído o soamente desexado, en apostar polo incerto, ¿polo incerto? ¡polo imposible! e empeñar nesa aposta a vida enteira...“Os deuses proponse a máxima felicidade naqueles a quen outorgan tal loucura” (17).

Erasmus, un dos que mellor souperon escribir sobre a loucura, fala tamén da loucura do amor, esa saída coa que algúns dan e que troca en vivible unha situación que, se cadra, doutro xeito, con seguridade, non o sería...”. O que ama xa non vive dentro de si, senon na realidade amada, e canto máis se afasta do propio ser para achegarse ó amado, o seu gozo aumenta máis e máis... E cando o espírito sae do propio corpo, de xeito que xa non fai uso dos propios órganos, demos no desvairo” (18).

A saída de si do amante cara o máis alá trascendente é, indubidablemente, unha loucura. Agora, camiño de moito maior loucura sería aínda, desde logo, que un ficase preso dentro de si. Se algo hai que o home non poida aturar, sen porse tolo de remate, ese algo é el mesmo. Algo ten, pois, que haber que o poña fóra de si, aínda que o bote á aventura: á tola aventura do amor.

#### NOTAS

- (1) Platón, *Banquete o del Amor*, ob. comp., 201, c, Aguilar, Madrid, 1972, p. 584.
- (2) Platón, ob. cit., 202, b,c.
- (3) Platón, ob. cit., 202, d.
- (4) Platón, ob. cit., 303, a.
- (5) S. Freud, *Totem y Tabú*. T. VIII. S. Rueda, Buenos Aires, 1969, pp. 91 e ss.
- (6) J. P. Sartre, *L'etre et le Néant*, 13<sup>a</sup> edic. Galimaard, 1947, p. 653.
- (7) J. P. Sartre, ob. cit., p. 52 e ss.
- (8) Platón, ob. cit., 201, d.
- (9) J. P. Sartre, ob. cit., p. 653.
- (10) J. P. Sartre, ob. cit., p. 431.
- (11) S. Freud, ob. cit., p.
- (12) Platón, ob. cit. 202, e.
- (13) Platón, ob. cit. 203, a.
- (14) Platón, ob. cit. 202, d.
- (15) F. Nietzsche, *Así habló Zaratustra*. Cir. Lect., 1981, p. 29.
- (16) J. P. Sartre, ob. cit., p. 430.
- (17) Platón, *Fedro*, ob. comp. 245, b, Aguilar, Madrid, 1972, p. 863.
- (18) Erasmo de Roterdan, *Elogio de la locura*, Austral, Esp. Calpe, 7